

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a folga anunciada polos facultativo do Baixo Miño

- 26227 (11/PUP-000222)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da modificación proposta do apartado sétimo da disposición adicional segunda da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, promovida polo Goberno central a través Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado 2022

- 26229 (11/PUP-000223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer á cidadanía fronte ao aumento da cibercriminalidade

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 26237 (11/POPX-000051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as políticas estratéxicas para Galicia

- 26238 (11/POPX-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas do Goberno para darlle futuro no país á mocidade galega

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 16 de decembro de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 16 de decembro de 2021 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa



mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contado desde o día seguinte á publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 21 de decembro de 2021, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 21 de decembro de 2021, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de decembro de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 (doc. núm. 23846, 11/PL-000011)

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sesión plenaria (día 21 de decembro de 2021, ao remate da sesión plenaria orzamentaria)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 21 de decembro de 2021, ao remate da sesión plenaria orzamentaria, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de decembro de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes de conselleiros do Consello de Contas de Galicia (11/DMCC-000001)

